

CONCURSO

Contos_eme 2024

- Bacharelato/Ciclo superior FP
150 € + diploma
- Alumnos da Universidade
150 € + diploma
- 2 accésit
50 € + diploma

Máis información en:
minaseenerxia@uvigo.es

Distintivo de
Igualdade

Contos_EME2024

RELATOS PREMIADOS

No ano 2024, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía puxo en marcha o 3º concurso de relatos curtos da escola, Contos_EME2024. Publicamos aquí os relatos premiados así como a información do xurado. Queremos agradecer a todas as persoas participantes a boa acollida deste concurso e aos membros do xurado a súa dispoñibilidade para a lectura e selección dos premiados.

Creáronse dúas categorías, unha para alumnado de Institutos de Educación Secundaria e Bacharelato ou Ciclos Superiores de FP e outra para Grao e Mestrado da Universidade de Vigo. As bases (poden verse na web do centro) fixaban, entre outras cousas, a frase inicial dos contos. Tivemos participantes de varios institutos e centros da universidade. En total foron 12 participantes.

O xurado do concurso estivo formado, tal e como poñían as bases, por 5 membros: 3 deles representantes de estudantado, do persoal de administración e servizos e profesorado da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía; e 2 persoas alleas, unha delas un escritor. En concreto foron as seguintes persoas:

- Elena Alonso Prieto, profesora da área de Explotación de Minas.
- Azucena Arias Correa, experta en igualdade e profesora da área de Didáctica das ciencias experimentais.
- Diego Costa Moyano, estudante do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas.
- José Montero Reguera, escritor, cervantista e profesor da área de Literatura Española.
- M^a Carmen Romo Pérez, xefa do negociado Asuntos Xerais

Na súa reunión do de novembro acordaron outorgar por consenso os seguintes premios: Gañadora da categoría de alumnado matriculado en Bacharelato:

Emma Regueira Lobeira (IES Johan Carballeira, Bueu)

Gañador na categoría de estudantado da Universidade de Vigo

Brian Torres Rodríguez (Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía)

Accésit na categoría de Bacharelato:

Emma Duro Sanmartín (IES Antón Losada Diéguez, A Estrada)

Accésit na categoría de estudantado da Universidade de Vigo:

Lucía Castrillo Sánchez (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación)

Contos_EME2024

RELATOS PREMIADOS

1º premio da categoría IES

Autora: Emma Regueira Lobeira (IES Johan Carballeira, Bueu)

ELA

Ela di que quere contribuír a mellorar a vida das persoas e que se estuda na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía en Vigo vai poder facelo porque, para ela, a enxeñaría non é soamente ciencia, senón unha paixón. A lembranza do seu pai, quen traballara nunha antiga mina e lle transmitira historias sobre esta profesión, inspirouna profundamente. Ese vínculo intensificouse cando el faleceu nun accidente na mina, ao quedar atrapado baixo toneladas de terra. Coa súa admisión en Vigo, ela sentía que honraba a súa memoria e, coma el, quería traballar por un mundo mellor.

Durante o seu primeiro proxecto, dedicouse a estudar métodos de minería limpa, e cada día regresaba á mina onde seu pai perdera a vida. Nunha das súas últimas visitas, un ruído interrompeu os seus pensamentos e o chan cedeu baixo os seus pés, atrapándoa na escuridade. O ruído das estalactitas caendo nas profundidades da mina intensificouse, ata que, nun abrir e pechar de ollos o silencio reinou na mina. Entre o estrondo e o silencio asfixiante, pechou os ollos, sentindo unha paz estraña, coma se a alma do seu pai estivera alí, acompañándoa.

Cando o equipo de rescate chegou, non atoparon rastro dela. Moitos dixeron que a Terra a gardara ao carón do seu pai, protexéndoa nun abrazo escuro. Outros preferían crer nun destino máis misterioso, e pensaban que lograra escapar, que seguía viva nalgún recuncho remoto, traballando en segredo para cambiar o mundo como sempre soñara.

Cada ano, no aniversario da súa desaparición algúns dos seus compañeiros regresan á mina deixando flores nas vellas entradas pechadas e carteis que lembran a importancia do traballo mineiro. Alí, entre o eco e o murmurio das pedras, afirman escoitar suspiros profundos: "Estamos aquí... seguimos aquí..."

Contos_EME2024

RELATOS PREMIADOS

1º premio da categoría Universidade de Vigo

Gañador: Brian Torres Rodríguez (Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía)

Sen título

Ela di que quere contribuír a mellorar a vida das persoas e que, se estuda na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía en Vigo, vai poder facelo porque... foi ese día o que lle fixo pensar que alí podería. Porque foi por esa “chapa”, esa charla, esa obra de teatro coa Rotopala, eses cachiños de lousa, mármore e granito, ese líquido magnético e a lámina que cambiaba de cor coa calor, esa mesma que ten o nome do demo... Eses foron os monicreques que dous marionetistas, dos cales o nome non recordo ben, pero diría que eran Brian e Raquel, usaron para abrírlle a porta, para facerlle entender como realizar ese pequeno soño, ese de axudar ata os que non piden axuda porque non saben que a necesitan.

Seguramente me preguntaredes “E de onde veñen sendo estes marionetistas?” Pois mirade... Estes marionetistas veñen sendo do C.U.V.I., da propia Escola de Minas e Enerxía. Coñeceunos ese día de chuvia e frío. Seica fora un mércores no Edugal, en Pontevedra, nese posto enorme que ata un aeroxerador tiñan, con eses polos azul celeste e eses chalecos, que ata sen velos facíanse ver. Foi a preguntar de rebote, nin sabía que existía esa carreira; estaba decidida a estudar medicina para poder axudar a aqueles que estean mal, pero alí deuse conta.

Foi nese posto, foron eses monicreques e foi pola culpa deses marionetistas que se decatou de que as persoas non sempre están mal. Estar mal é unha etapa, unha fase e un bache do cal algún día sairemos, e alí estará ela, para axudarche aínda que esteas ben, para mellorar o que xa temos, para cambiar o que xa non necesitamos e para demostrarlles a todos e todas que ela é muller, que quere estudar unha enxeñería e que o fará na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía de Vigo

Contos_EME2024

RELATOS PREMIADOS

Accésit da categoría IES

Autor: Emma Duro San Martín (IES Antón Losada Diéguez, A Estrada), por un relato no que non consta título

Ella dice que quiere contribuir a mejorar la vida de las personas y que si estudia en la Escuela de Ingeniería de Minas y Energía de la Universidad de Vigo lo podrá hacer porque es la única manera que conoce para lograrlo.

Durante estos últimos años estuvo escuchando todos los planes de futuro de sus amigos y compañeros. Ninguno le resultaba lo suficientemente bueno. Ella necesitaba algo que le ayudara a sentirse mejor consigo misma y con el resto de personas. Algo suyo.

Por ese motivo le estoy escribiendo a usted, porque necesitamos su ayuda. Mi hija y yo hemos pasado por demasiados momentos de desolación y de esfuerzos sobrehumanos para seguir adelante. Nos tenemos la una a la otra, pero es el momento de cambiar, y ella lo tiene muy claro.

Desde que era muy pequeñita siempre ha estado buscando soluciones para una mejor vida. Ha entendido perfectamente lo que significaba el cambio climático y lo nocivos que son los productos que se fabrican de manera masiva en grandes fábricas industriales. Incluso se escapó una noche para ir a una manifestación ecológica con una pancarta enorme que se había pasado el día confeccionando. Solo tenía nueve años de aquella.

De entre todos los estudios en todas las escuelas solo quiere ese, y lo cierto es que yo también lo quiero para ella. Es como si este curso estuviera hecho solo para ella.

De verdad que se lo suplico. Si todas estas razones no han servido para hacerle entrar en razón, hágalo por todos aquellos años. Los dos sabemos que es el primer y último favor que le pido, no como todos los que me ha pedido usted y aún no he cobrado.

Un saludo.

P.D. No es una amenaza.

P.D.2. O sí lo es, como usted lo quiera considerar.

Contos_EME2024

RELATOS PREMIADOS

Accésit da categoría Universidade de Vigo

Gañador: Lucía Castrillo Sánchez (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación)

Ela di que quere contribuír a mellorar a vida das persoas e que si estuda na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía en Vigo vai poder facelo porque alí aprenderá a utilizar as ferramentas - martelo e mazo – que lle permitirán facer do futuro sostible unha realidade no presente.

Dende pequena a Lara apaixonábanlle os procesos da natureza: cambios que ocorrían por arte de maxia! Porque si, todo era maxia ata que descubriu a ciencia: explicacións racionais e con sentido, moito máis sentido (pero máis complicadas) ca un “bibedibabedibú”. Así ante a elección de estudos que marcaría o seu futuro profesional tívoo clarísimo: enxeñaría en recursos enerxéticos... o seu soño!

“Enxeñeira? Queres pasar a túa vida en pixama entre números e máis números? Non prefires ser profe? Que traballas con números igual muller, pero cos cativos, que é máis bonito...”

Vas a estar soa entre todo homes! Non te vexo futuro aí... Sendo muller... despois a ver quen te contrata...”

Con tantos recursos para explotar coma ela sabía que tiña o mundo... e lle querían impoñer límites? Dura e teimuda cos seus soños, cun 10 na década de Mohs, tal e coma a enerxía da natureza é transformada, ela tomou todas esas trabas e convertiunas no seu motor. Tíñao claro: ía cambiar o mundo. Por un lado, estudando na EME aprendería cómo transformar a natureza avogando pola sostibilidade para asegurar un futuro ao planeta que tanto lle fascinaba. E por outra, cumprindo o seu soño contribuiría pavimentando o camiño a outras nenas que, coma ela, quixesen cumprir o seu soño de ser enxeñeiras, para que ningún estereotipo llelo impedise.

Porque Lara ía necesitar axuda, moita axuda para operar esa mellora que quería no mundo. Sabemos que se a unha pinga de auga lle sumas outras tantas, creas unha forte corrente de cambio cun potencial inimaxinable. E non fai falta ser enxeñeiro para saber que as pingas de auga non teñen xénero. Así que, acaso iso debería condicionar algo?